



XUNTA ELECTORAL DE GALICIA

Asunto: Acordo da Xunta Electoral de Galicia, do 5 de febreiro de 2024, polo que se resolve a denuncia do representante xeral Podemos Galicia contra *La Voz de Galicia* por omitir á candidata da coalición electoral Podemos Galicia das entrevistas publicadas en dito diario o 1 de febreiro de 2024, por una posible infracción do artigo 66.2 da LOREX (doc. RE 387/2024).

A Xunta Electoral de Galicia, á vista dos seguintes

ANTECEDENTES

1. O 1 de febreiro de 2024, o representante xeral de Podemos Galicia formaliza unha denuncia (doc. RE 387/2024) na que sinala que *“en el día de hoy, la portada del diario La Voz de Galicia, bajo el titular “arranca la campaña de las elecciones gallegas” y con una gran fotografía de los candidatos de PP, BNG, PSOE y Coalición Sumar Galicia (con omisión por ello de la candidata de Podemos Galicia), anuncia sendas entrevistas sobre “temas clave para Galicia” con “los candidatos”, entre los que nuevamente no se halla la candidata de Podemos Galicia”*.

Finaliza a denuncia indicando que *“entendemos que el tratamiento diferencial que se ha otorgado a la coalición electoral Podemos Galicia en comparación con el resto de fuerzas políticas, y en especial con la coalición electoral Sumar Galicia dada la igualdad de representatividad que ha sido señalada por la propia Junta Electoral en reiteradas ocasiones” (...)* *“por ello creemos que debe declararse la infracción cometida (...) y acordarse la compensación (...) mediante la publicación de una entrevista de extensión semejante”*.

2. O 2 de febreiro de 2024, logo da reunión da Xunta Electoral de Galicia, trasladóuselle á *La Voz de Galicia* copia da denuncia (RS 920/2024), aos efectos de formular alegacións. Deste traslado deuse coñecemento ao representante xeral de Podemos Galicia (RS 921/2024).
3. O 4 de febreiro de 2024, *La Voz de Galicia* formulou escrito de alegacións (doc. RE 405/2024), no que efectúa diversas consideracións, destacando o feito de que La



XUNTA ELECTORAL DE GALICIA

Voz de Galicia, “*como diario de titularidade privada, exerceu a súa liberdade de criterio*” publicando polo tanto na véspera do comezo da campaña electoral “*fotos de grupo e entrevistas cos principais candidatos, reunidos por invitación do xornal consonte ao seu propio criterio*”.

FUNDAMENTO XURÍDICO

Vistas as alegacións do medio, archivar a denuncia na medida en que as previsións establecidas polo artigo 66.2 da Lei Orgánica do réxime electoral xeral (LOREX) e a Instrución 4/2011, de 24 de marzo, da Xunta Electoral Central, de aplicación dos principios de proporcionalidade e neutralidade informativa nos debates e entrevistas electorais, unicamente se exigen as televisións privadas pero non aos medios de prensa, polo que sendo *La voz de Galicia* un medio de comunicación privado e escrito, non lle resulta de aplicación o precitado precepto.

Á vista do que antecede adoptase o seguinte

ACORDO

Arquivar a denuncia.

En execución do presente acordo, e para o cumprimento do disposto no art. 21.2 LOREX, desenvolvido pola Instrución da Xunta Electoral Central 11/2007, do 27 de setembro, comunícolle que contra el poderá interpoñer recurso de alzada ante a Xunta Electoral Central, que deberá presentarse ante esta Xunta Electoral de Galicia, para o seu informe, antes das 17:30 horas do próximo día 7 de febreiro de 2024.

O recurso poderá presentarse por correo electrónico no seguinte enderezo:
xunta.electoral.galicia@parlamentodegalicia.gal